

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 1 DE SETEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese José Riesgo Boluda como secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria a Borja Vereza Fraiz.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a sinatura do protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Coruña para a construción do novo edificio xudicial.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o impulso de actuacións conxuntas para mellorar a oferta de transporte público a través da incorporación de sistemas tecnolóxicos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e *Cruz Roja Española* para a posibilitación de desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de cento sesenta e un mil corenta e nove euros con setenta e oito céntimos (161.049,78 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a modificación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a modificación e prórroga do convenio de colaboración asinado pola Consellería do Medio Rural co Ministerio do Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para o desenvolvemento do programa de posta en valor da rede de camiños naturais non motorizados de Galicia, por un importe de 3.000.000,00 € (para os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública relativas ás Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a situación actual do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos (Agosto-2011).
- Informe sobre o gasto farmacéutico.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de Arquivos de Galicia.

A LEI DE POLÍTICA INDUSTRIAL DA XUNTA FACILITARÁ A IMPLANTACIÓN E CONSOLIDACIÓN DOS PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALICIA

- *Na actual conxuntura, este anteproxecto de lei impulsa un desenvolvemento eficaz da industria galega baseado na internacionalización, a competitividade e a innovación*
- *O contexto normativo creado pola lei axilizará e simplificará a posta en marcha proxectos de grande envergadura na Comunidade Autónoma*
- *A norma permitirá que soamente coa declaración de proxecto industrial estratéxico sexa posible eliminar a iniciación, instrución e resolución de polo menos nove procedementos administrativos*
- *No caso dos proxectos estratéxicos resolveranse de xeito automático cuestións relacionadas con licenzas de actividade, terreo industrial, procedementos de axudas e subvencións e establecendo a prevalencia destes proxectos sobre calquera outra actividade de utilidade pública*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao anteproxecto da Lei reguladora da política industrial de Galicia, deseñado pola Consellería de Economía e Industria co obxectivo de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos industriais estratéxicos para a creación de emprego e atracción de grandes investimentos a Galicia.

Na actual conxuntura, este anteproxecto de lei impulsa un desenvolvemento eficaz da industria galega baseado na internacionalización, a competitividade e a innovación. Para acadar estes obxectivos a norma obriga á realización dunha planificación industrial que pivotará en Programas Sectoriais que desenvolvan e verifiquen o contido da norma. Deste xeito, o Plan Director da Industria de Galicia conterá as liñas xerais e as directrices básicas da política industrial galega e que disporá de obxectivos e prioridades sectoriais, así como os criterios esenciais de intervención que se vai observar na execución da política industrial galega.

A nova lexislación tamén establece mecanismos para achegar o consenso, o acordo e mais a coordinación entre todos os axentes implicados no crecemento industrial de Galicia. Créase o Consello Galego de Industria como órgano de participación dos axentes públicos e privados involucrados na planificación e execución da política industrial da Comunidade Autónoma e tamén de asesoramento.

Proxectos industriais estratéxicos

Ademais, no anteproxecto especificase que serán considerados proxectos industriais estratéxicos aquelas propostas de investimento para a implantación ou ampliación dunha ou varias instalacións industriais, que supoñan unha expansión significativa do tecido industrial galego ou a súa consolidación.

Deste xeito, o contexto normativo creado pola lei axilizará e simplificará a posta en marcha deste tipo de investimentos, como a ferramenta facilitadora da instalación de proxectos de grande envergadura na Comunidade Autónoma. A norma permitirá que soamente coa declaración de Proxecto Industrial Estratéxico sexa posible eliminar a iniciación, instrución e resolución de polo menos nove procedementos administrativos, resolvendo de xeito automático cuestións relacionadas con licenzas de actividade, terreo industrial, procedementos de axudas e subvencións e establecendo a prevalencia destes proxectos sobre calquera outra actividade de utilidade pública.

Por outra banda, tal e como estipula a lexislación europea, eliminase a necesidade de autorización administrativa previa ao inicio dunha actividade industrial, que directamente se poderá facer efectiva coa presentación do proxecto e a declaración responsable.

Rexistro de Clúster

Ademais, a todo isto engádese tamén a definición e creación do Rexistro de Clúster empresarias galegos. Como parte do desenvolvemento da estratexia do Goberno galego de apoio aos clúster, como os axentes empresariais que se amosan unha grande capacidade de xeración de coñecemento, creación e difusión da innovación dentro de cada eido de actividade industrial.

BORJA VERA FRAIZ, NOMEADO NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o nomeamento do novo secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria. Borja Vereá Fraiz, licenciado en Dereito pola Universidade de Deusto (Bilbao), con especialización en Dereito Público e máster universitario en Administración Local pola Universidade de Santiago de Compostela, é a partir de hoxe secretario xeral da Consellería.

Funcionario con habilitación de carácter estatal, subescala de Secretaría-intervención (A1), e subescala Tesourería, categoría de entrada (A1), pertence ao corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia e, desde o 2009 ata hoxe, foi subdirector xeral de Réxime Xurídico Local na Xunta de Galicia. Con anterioridade ocupou o posto de secretario-interventor no concello do Saviñao e entre outros cargos, foi profesor colaborador do departamento de Dereito Público Especial da Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo, o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, agradeceu ao anterior secretario xeral, José Riesgo Boluda, o seu traballo e colaboración durante os últimos dous anos. Riesgo Boluda, que deixa o posto por petición propia, voltará a traballar no ámbito da administración local.

A XUNTA APROBA O PROTOCOLO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DA CORUÑA PARA A REHABILITACIÓN DO ANTIGO EDIFICIO DA FÁBRICA DE TABACOS

- ***A cidade verá incrementada nun 70% a superficie das unidades xudiciais***
- ***O mapa xudicial coruñés terá unha distribución racional das diferentes infraestruturas xudiciais, rematando así coa excesiva dispersión que teñen na actualidades os órganos xudiciais da cidade***
- ***A Xunta destinará 20 millóns de euros para o proxecto de rehabilitación do edificio***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Coruña para a construción do novo edificio xudicial. Este protocolo regula a colaboración para proceder á rehabilitación deste histórico inmoble, recuperalo para os cidadáns da cidade herculina e destinalo a usos xudiciais.

Segundo o documento, a Xunta comprométese a acometer no edificio as obras de rehabilitación e reforma necesarias para ocupar un espazo aproximado de 14.000 m² destinados á instalación neste das dependencias xudiciais que se decidan en función das necesidades de localización e reorganización. A superficie restante -3.000 m² aproximadamente- quedarán en reserva para o seu destino a necesidades futuras, que serán determinadas de común acordo entre o Concello e a Xunta.

Doutra banda, o Concello da Coruña comprométese a ceder gratuitamente, e libre de cargas e gravames, á Xunta o edificio da antiga Fábrica de Tabacos, situada na Praza da Palloza, para o seu destino a usos xudiciais na cidade.

En todo momento a finalidade e destino do edificio por parte da Goberno galego deberá ser a de usos xudiciais. Se nalgún momento este destino se pretendese modificar deberá contarse co previo e expreso consentimento do Concello coruñés. Deste xeito, A Coruña verá incrementada nun 70% a superficie das unidades xudiciais e o mapa xudicial será mais racional, rematando así coa excesiva dispersión de órganos xudiciais existente actualmente na cidade.

A Xunta destinará 20 millóns de euros para o proxecto de rehabilitación do edificio, o que permitirá reorganizar as actuais dependencias xudiciais da cidade e tamén deixar espazo para situar os xulgados que se poidan crear no futuro.

Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento deste protocolo de colaboración, créase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes designados por cada unha delas, respectivamente. As funcións da comisión serán as de seguimento, resolución dos problemas derivados da súa execución

e resolución de conflitos que poidan xurdir. Ademais, un representante designado polo concello participará no órgano que decida sobre o proxecto de rehabilitación do edificio

A XUNTA COLABORARÁ CON 12 COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA MELLORAR A OFERTA DE TRANSPORTE PÚBLICO GRAZAS Á MODERNIZACIÓN DE SISTEMAS TECNOLÓXICOS

- *O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura do convenio de colaboración, polo que se levarán a cabo as distintas actuacións e o intercambio de información de novos proxectos tecnolóxicos*
- *Un dos obxectivos principais é a coordinación e execución de medidas comúns para a maior eficiencia dos servizos de transporte; co fin de conseguir unha percepción harmónica destes servizos por parte dos usuarios*
- *De entre as medidas, destaca o desenvolvemento de medidas tecnolóxicas que faciliten o recoñecemento automático de títulos de transporte doutras comunidades autónomas*
- *Estableceranse os mecanismos que permitan o intercambio de información entre os sistemas de xestión de horarios, itinerarios e paradas de distintas partes do territorio español*
- *Desde a Xunta apóstase por esta colaboración, xa que a incorporación das novas tecnoloxías ao transporte público é unha medida imprescindible para achegar o transporte público á cidadanía, mellorando o uso dos medios colectivos fronte ao do vehículo particular*

A Xunta de Galicia colaborará con outras 12 comunidades autónomas (Andalucía, Asturias, Aragón, Canarias, Cantabria, Castela-León, Castela-A Mancha, Illas Balears, Murcia, Navarra, A Ríoxa e Valencia) para mellorar a oferta de transporte público grazas á modernización dos sistemas tecnolóxicos. O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración pola que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a cooperar coas comunidades autónomas para impulsar actuacións conxuntas, que melloren a oferta de transporte público, a través da incorporación de sistemas tecnolóxicos. Grazas a este acordo, executaranse distintos traballos e compartirase información de novos proxectos tecnolóxicos, aplicados ao sector do transporte.

Neste sentido, as comunidades autónomas comprométense a intercambiar información sobre as aplicacións tecnolóxicas empregadas no eido do transporte público, tanto co obxecto de implantar novas como de mellorar as xa existentes, e a colaborar no desenvolvemento común e a implantación de novas tecnoloxías nos servizos de transporte público.

Así, entre as medidas que se prevé adoptar están as de coordinar, redactar e executar estudos sobre a adopción de medidas comúns para a maior eficiencia dos servizos de transporte; establecer accións que faciliten a percepción, por parte dos usuarios, dun sistema harmónico, independentemente dos modos de transporte empregados ou do ámbito territorial en que se desenvolva a viaxe. Ao mesmo tempo, analizaranse e

desenvolveranse actuacións coordinadas e comúns para mellorar a xestión dos servizos e estudaranse actuacións encamiñadas a fomentar o uso do transporte público.

Outras das medidas están relacionadas co recoñecemento de títulos de transporte doutras comunidades autónomas, así como do intercambio de información relativa aos horarios, itinerarios, paradas... Por último, prevese definir as bases que permitan o intercambio de información entre sistemas de axuda á explotación (SAE) das diferentes comunidades.

A Consellería de Medio Ambiente aposta pola plena instauración das novas tecnoloxías no ámbito do transporte público, pois representan unha ferramenta imprescindible para achegar o transporte público aos cidadáns, facilitando información precisa da oferta de transporte existente a través de medios adecuados e adaptados ás súas expectativas e necesidades. Polo tanto, as novas tecnoloxías teñen un papel que desenvolver no fomento da utilización dos medios de transporte colectivos fronte ao uso do vehículo particular. Trátase dun reto das sociedades desenvolvidas na procura da mobilidade sustentable, é dicir, unha mobilidade máis eficiente, cun aforro de enerxía e o coidado do ambiente.

O transporte público de persoas constitúe un servizo esencial para a comunidade, como garantía do dereito á mobilidade persoal e como contribución ao desenvolvemento do conxunto de actividades económicas ao garantir a mobilidade de persoas e mercadorías. Esta medida está en consonancia co traballo que está a desenvolver o Executivo autonómico co Plan de Modernización do Transporte Público por Estrada e, en xeral, na mellora da mobilidade, na busca do abandono progresivo do vehículo particular como medio de transporte e na procura dunha mellor accesibilidade ao noso territorio.

Orixe

O convenio aprobado esta mañá no Consello da Xunta nace por iniciativa da Xunta de Galicia e ao abeiro da Conferencia dos Gobernos das Comunidades Autónomas, unha xuntanza periódica dos gobernos das distintas comunidades autónomas de España, co obxectivo de promover a colaboración política e administrativa entre elas. Na última reunión, que tivo lugar na cidade de Santander en marzo de 2011, acordouse impulsar os trámites necesarios para darlle eficacia ao convenio. Así, o compromiso asumido consistiu en adoptar distintas fórmulas para compartir información e colaborar no desenvolvemento de novos proxectos tecnolóxicos aplicados ao transporte público en xeral e, singularmente, ao de persoas.

Nesta reunión participaron as comunidades de Andalucía, Asturias, Aragón, Canarias, Cantabria, Castela-León, Castela-A Mancha, Galicia, Illas Baleares, Murcia, Navarra, A Rioxa e Valencia.

Seguinte paso

O acordo aprobado esta mañá plasma o impulso de Galicia con esta iniciativa, con carácter previo á súa sinatura e comunicación ás Cortes Xerais, nos termos exixidos pola Constitución e o Estatuto de autonomía.

Dous meses despois da comunicación ás Cortes Xerais constituirase unha Comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento, coa finalidade de dar cumprimento a este acordo. Este organismo será o encargado de establecer protocolos de actuación, que serán aprobados polas partes, e desenvolverán as pautas para a cesión de aplicacións tecnolóxicas entre administracións. Así mesmo, poderán constituírse grupos de traballo formados por representantes das distintas CC.AA, ao tempo que levará a efecto as iniciativas que consideren oportunas para os efectos de trasladar á Administración do Estado as accións que sexa necesario. Calquera das comunidades poderá separarse deste convenio, sen que a dita decisión supoña a disolución do convenio.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN COLABORARÁ COA CRUZ VERMELLA PARA O TRASLADO A CENTROS ESCOLARES DE 67 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES

- ***O acordo cobre os desprazamentos entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria colaborará coa Cruz Vermella para que o alumnado con discapacidades se poida desprazar aos seus respectivos centros educativos.

Deste xeito, 67 alumnas e alumnos beneficiaranse deste convenio de colaboración, ao abeiro do cal a consellería financia o importe dos desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar.

O servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan, e nel prestaranse os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Ademais, nos vehículos poderán viaxar os 12 coidadores que acompañan a aquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. A Consellería de Educación farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Atención á diversidade

O obxectivo destes acordos é dar resposta ás necesidades de escolares con distintos tipos de discapacidades, que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades física e psíquicas particulares.

Coa sinatura deste convenio a consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, para fomentar o seu acceso á escolarización en igualdade de condicións.

GALICIA FOI A COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE MÁIS REDUCIU A SÚA FACTURA FARMACÉUTICA NO MES DE XULLO

- ***Ademais, Galicia amplía o seu Catálogo priorizado de medicamentos con 11 novos fármacos, o que vai supoñer un aforro mensual de 334.000 euros***

Segundo se recolle nun informe presentado hoxe ao Consello de Xunta pola conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, o aforro no gasto farmacéutico acadado no mes de xullo é de 9 millóns de euros respecto de xullo de 2010, cun gasto farmacéutico total de 67 millóns de euros (76 millóns en xullo do pasado ano), o que representa a porcentaxe de redución máis alta de todo o Estado, concretamente do -11,79%. Tamén diminuíu o gasto por receita nun -9,88%, ata situarse en 12,59 euros.

Así mesmo, a prescrición de medicamentos xenéricos acadou o 30,6% no mes de xuño, mentres que en xuño de 2010 era do 14,5%, e en xuño de 2009 do 10,7%.

O Servizo Galego de Saúde aforrou, nos sete primeiros meses do ano, 65 millóns de euros, (facturación xan-xullo 2010, 552,9 millóns de euros; facturación xan-xullo 2011, 487 millóns de euros). Ademais, o dato de variación de gasto acumulado xaneiro-xullo 2011 situouse nunha diminución do -13,6%.

Cómpre lembrar que, no que atinxe á evolución da factura farmacéutica nos últimos anos, esta mantivo un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7% ata 2009. O pasado ano 2010 reduciuse ata o 0,7%; polo tanto, a pesar do crecemento dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde foi capaz de pechar 2010 practicamente coa estabilización da factura, con crecemento cero. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado desde que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia poderá reinvestir na mellora do sistema sanitario público os aforros derivados das medidas previstas na Lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica, especialmente na atención primaria.

Ampliación do Catálogo

Por outro lado, o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe unha modificación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia. Así, amplíase desde este mes de setembro con 11 novos principios activos que axudarán a diminuír a facturación farmacéutica mantendo a calidade e a eficacia da asistencia sanitaria prestada aos galegos. Estes once principios novos son: acarbosa, cloperastina, exemestano, fosfomicina, gliclazida, ketoconazol, manidipino, metamizol, paracetamol, repaglinida e sulpirida.

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios. Polo tanto, o mantemento e actualización do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia colaborará para garantir esta sustentabilidade.

Neste sentido, seguindo o camiño emprendido hai uns meses -e logo de que o Tribunal Constitucional levantase a suspensión do catálogo argumentando que a sustentabilidade do sistema sanitario público impón a necesidade de adoptar medidas de racionalización e contención do gasto farmacéutico-, o Servizo Galego de Saúde continúa a engadir novos principios activos co obxectivo de diminuír a factura farmacéutica.

O aforro que se estima acadar con estes 11 novos fármacos será aproximadamente de 334.000 euros ao mes, e enmárcase na aplicación da Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos ten como obxectivo o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo Ministerio de Sanidade.

Neste sentido, nel selecciónanse algúns dos fármacos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo como tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma presentación e igual número de unidades por envase. Estes medicamentos do conxunto de intercambio posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade e considéranse intercambiabes entre si.

A XUNTA E O MARM PRORROGAN O PROGRAMA DE POSTA EN VALOR DA REDE DE CAMIÑOS NATURAIS NON MOTORIZADOS DE GALICIA

- ***A rutas previstas son as da 'Vía Nova', 'Costa da Morte', 'do Interior' e 'do Cantábrico'***
- ***O obxectivo deste convenio é a mellora e posta en valor destas vías naturais, para a conservación dos espazos naturais, mediante a recuperación e adecuación de infraestruturas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (Marm) para o desenvolvemento do Programa de posta en valor da Rede de Camiños Naturais Non Motorizados de Galicia. En concreto, as rutas previstas son da "Vía Nova", "da Costa da Morte", "do Interior" e "do Cantábrico".

O obxectivo deste convenio é a mellora e posta en valor destas rutas naturais, con vistas á conservación dos espazos naturais, mediante a recuperación e adecuación de infraestruturas.

Con este acordoponse de manifesto que a nosa Comunidade conta cunha importante rede de camiños históricos que supoñen un gran potencial desde o punto de vista da súa riqueza natural e paisaxística. As actuacións previstas van desde a execución, conservación e mantemento das propias vías ata a súa sinalización, dotación de paneis informativos, etc.

O convenio orixinario asinouuse en outubro 2007 e establecía unhas obrigas de investimento de 3 millóns de euros, por parte da Xunta de Galicia, e de 4 por parte do ministerio.

Trazado dos camiños

O "Camiño Natural da Vía Nova" ten unha lonxitude aproximada de 187 quilómetros e enlaza os parques naturais do Xurés (desde o concello ourensán de Lobios) e da Serra da Enciña da Lastra (no municipio tamén ourensán de Rubiá). O "da Costa da Morte" unía tradicionalmente as vilas mariñeiras coruñesas de Laxe e Muros, cunha extensión de uns 160 quilómetros. A vía "do Interior" conecta o campamento romano de *Aquis Querquennis* (na provincia de Ourense) coa cidade de Lugo e desde alí prolóngase ata a mariña (concello de Foz), cunha lonxitude próxima aos 225 quilómetros. Por último, o "Camiño Natural da Ruta do Cantábrico" ten unha extensión de 174 quilómetros entre o Cabo Ortegal (na provincia da Coruña) e a localidade luguesa de Ribadeo.

A XUNTA INCREMENTA CASE UN 13% AS HORAS DE FORMACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN DO SEU PERSOAL

- *Así o revela un informe da EGAP sobre actividades formativas relacionadas coas TIC, no que tamén se destaca o incremento no número de prazas destes cursos*
- *Modernización elaborou un Plan Formativo Ofimático para certificar as competencias dos alumnos dos cursos nesta materia*

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) incrementou un 12,46 por cento as horas de cursos relacionados coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) durante o ano 2011.

Así o revela un informe presentado esta mañá no Consello da Xunta sobre Actividades Formativas da EGAP relativa ás TIC, no que se explica que fronte ás 3.681 horas impartidas o ano pasado nas tres administracións -autonómica, local e xustiza- no 2011 ofertáronse 4.140 horas de cursos TIC.

Así mesmo, o informe revela un incremento do 5,18 por cento no número de prazas destinadas a este tipo de formación, que pasa de 5.964 alumnos en 2010 a 6.273 durante o presente ano. Para impartir estes cursos na meirande parte dos casos optouse pola teleformación, unha decisión relacionada coas múltiples vantaxes que ofrece este sistema de formación, cun menor custo por alumno, permite a conciliación da vida familiar coa laboral e facilita o acceso ás ensinanzas da EGAP á xente que ten dificultade para acudir ás actividades presenciais.

Certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia

Doutra banda, o informe presentado esta mañá no Consello da Xunta recolle que a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (SXMIT) elaborou un Plan formativo ofimático de Galicia, incluído dentro do Plan estratéxico 2014.gal, no que está involucrada a EGAP.

Esta denominación aplícase a un conxunto de cinco cursos cun contido adaptado ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais que buscan promover a avaliación e a acreditación das competencias profesionais en ofimática das persoas que prestan servizos na Administración.

A EGAP, en colaboración coa SXMIT propón o deseño dun itinerario formativo no ámbito das TIC que favorecerá a modernización da Administración e achegará un valor engadido á cidadanía. Para cada curso do Plan Formativo Ofimático de Galicia hai dúas modalidades: en software propietario (contorno Windows e Office) e en software libre (contorno Linux e Open Office).

Deste xeito, outórgaselles unha "Certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia" ás persoas que posúan un certificado da EGAP de superación das seguintes

actividades formativas, ben sexa na modalidade presencial, de teleformación ou por acceso libre: sistema operativo, busca de información, internet/intranet e correo electrónico (30 horas); aplicacións informáticas de tratamento de textos (30 horas); aplicacións informáticas de follas de cálculo (50 horas); aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (50 horas) e aplicacións informáticas para prestacións: gráficas de información (30 horas).

Durante o presente ano, a EGAP ten convocadas para estes cursos 3.500 prazas na modalidade de teleformación destinadas aos empregados públicos da Administración autonómica e convocará, no último trimestre do ano, 1.000 prazas máis para a queda libre. Mediante este último sistema os alumnos terán que superar un exame das materias que asegure o seu coñecemento.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE ARQUIVOS DE GALICIA 2012-2016

- ***A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, traballa co obxectivo de avanzar na mellora da calidade dos procesos arquivísticos e administrativos e amosa a importancia que teñen os arquivos como recursos estratéxicos da Administración e da propia sociedade.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de Arquivos de Galicia 2012-2016, redactado pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos. Neste documento formúlase os obxectivos estratéxicos e operativos e no que se fixan os retos aos que se enfrenta a Administración no eido arquivístico. Deste xeito, a Xunta de Galicia traballa co obxectivo de avanzar na mellora da calidade dos procesos arquivísticos e administrativos e amosa a importancia que teñen os arquivos como recursos estratéxicos da Administración e da propia sociedade. Para o Goberno Autonómico, os arquivos constitúen o soporte que fai posible a propia actividade administrativa, valiosos recursos de información e activos para a xestión do coñecemento das organizacións.

O Plan de Arquivos de Galicia 2012-2016 reflicte a perspectiva desde a que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, contempla aos arquivos galegos. A Xunta de Galicia insiste na calidade dos procesos arquivísticos e administrativos, na procura de que os procesos se realicen de xeito adecuado, de acordo coas normas internacionais de xestión documental e por persoal técnico competente, para que a calidade do patrimonio documental sexa elevada.

Para a consecución destes obxectivos, a Xunta de Galicia levará a cabo accións continuadas en escenarios diversos, aínda que complementarios como o campo da administración, da información e da xestión e da difusión cultural. Deste xeito, integrando as tres dimensións, poderase construír un sistema de arquivos que cumpra de forma eficaz a misión que ten encomendada.

Obxectivos estratéxicos:

O Plan de Arquivos de Galicia 2012-2016 formula os obxectivos estratéxicos en materia de arquivos. Estes tratarán de corrixir as debilidades detectadas e sacar o máximo partido das fortalezas atopadas.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, centrarase en potenciar a xestión do patrimonio documental desde unha óptica global que teña en conta o triplo carácter dos arquivos como motores da xestión administrativa, recursos imprescindibles de información e bens culturais depositarios dunha porción fundamental da memoria colectiva; elaborar e propoñer normas de arquivos que concreten e desenvolvan as competencias exclusivas que a

comunidade galega posúe na materia; desenvolver o sistema de arquivos de Galicia, que debe facilitar a xestión transversal dos documentos, tanto no medio convencional como no electrónico, e conservar o patrimonio documental da Xunta de Galicia que represente a unidade do patrimonio documental galego; executar, en colaboración co Ministerio de Cultura, as xestións necesarias para mellorar as sedes dos arquivos xestionados ou de titularidade da Xunta de Galicia; elaborar, en colaboración cos profesionais dos arquivos, normas técnicas que faciliten a xestión administrativa, o tratamento técnico dos fondos, a súa difusión e réxime de acceso; estender as tecnoloxías da información e da comunicación nos arquivos na procura da mellora da súa xestión administrativa e técnica e a súa integración en redes, en Galicia, España e internacionais; e desenvolver accións globais de difusión que proporcionen maior visibilidade aos arquivos galegos e ao patrimonio documental que custodian.